

George Greenia dona a contía do XXIII Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia ao Instituto de Estudos das Peregrinacións de William & Mary

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2019 – O galardado co XXIII Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, George Greenia, anunciou hoxe a doazón da contía económica do galardón ao Instituto de Estudos das Peregrinacións de William & Mary. Unha entidade centrada na “investigación científica das viaxes de transformación persoal en todo territorio, tempo e tradición”, segundo explicou. Tras detallar algunhas das liñas de investigación do instituto en torno a diversas rutas de peregrinación internacionais, destacou que o éxito do Camiño de Santiago “ofrece un modelo de hospitalidade, de valores espirituais e de comprensión que inspira a todos”.

Durante a presentación do galardado e do Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, a conselleira de Educación, Carmen Pomar, salientou a súa relevancia para fortalecer o proxecto europeo, e sinalou que neste momento “é máis importante ca nunca poñer de relevancia a figura das persoas e entidades que acadaron este recoñecemento”. Neste sentido explicou que as premiadas e premiados, “desde a excelencia que demostran nas súas disciplinas particulares, desenvolven un intenso traballo a favor do que é sen dúbida o máis importante dos valores de Europa, a convivencia pacífica e cooperativa entre os pobos”.

Recordando o perfil do premiado, a secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, Teresa Carballeira, subliñou que a concesión do galardón deste ano “simboliza á perfección o espírito do Grupo Compostela de Universidades ao conxugarse na figura de George Greenia a cultura do vello continente e a enerxía dinamizadora do novo mundo”.

O reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López, agradeceu a presenza do premiado en Compostela e destacouno como un “profundo coñecedor dos valores do Camiño, valores a proxectar e que son parte esencial do éxito desta ruta”. Neste sentido, afirmou que non se podía “atopar mellor embaixador para avanzar no espallamento do fenómeno xacobeo”.

Cerimonia de entrega

A cerimonia de entrega do XXIII Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia terá lugar o próximo 4 de xuño no marco da XXV Asemblea Xeral do Grupo Compostela de Universidades, que este ano acollerá a Universidade de Guadalaxara (México). Nesta cerimonia Greenia recibirá unha cuncha de ouro, o emblema do Grupo Compostela de Universidades.

Perfil do galardoado

George Greenia é fundador do Instituto de Estudos das Peregrinacións e presidente de Alpha Delta Gamma Sociedade Nacional Honoraria de Estudos Medievais e do Renacemento, ambas establecidas na institución de educación superior William & Mary.

Autor de diversos libros de texto de aprendizaxe do español e numerosos artigos sobre o Medievalismo hispánico. Na actualidade é editor no boletín e revista medieval *La Crónica*

sobre lengua y literatura españolas de la División de Español Medieval de la Asociación de Lenguas Modernas e forma parte do Consello asesor de *Cadernos de Estudos Galegos* do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento do CSIC, así como do Comité científico da revista de estudos xacobeos e da peregrinación *Ad Limina* da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

Entre as máis de vinte distincións e premios que ostenta, cabe destacar a Encomenda da Orde de Isabel la Católica que outorga S.M El Rey de España e o premio Ángel del Camino concedido pola confraternidade Enxebre Orde da Vieira de expatriados galegos que apoian ao Camiño de Santiago.

George Greenia é profesor emérito de Linguas Modernas, doutor en Linguas Romances pola Universidade de Michigan (1984) e director emérito do Programa de Estudos Medievais e Renacentistas de William & Mary.

Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia

O Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, desde a súa creación en 1997, galardoou a persoas e institucións senlleiras procedentes de diferentes eidos. En edicións anteriores o premio recoñeceu o labor de persoeiros como Jacques Santer (1997), Vaclav Havel (1998), Mohamed AlBaradei (2010), o Colexio de Europa (2012) e Marcelino Oreja Aguirre (2017).

O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da educación superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crescendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.

Grupo Compostela de Universidades

Casa da Cuncha. Rúa da Conga, 1

15782 Santiago de Compostela (España)

Tel: 881 812 931 / Email: grupo.compostela@usc.es